

A praza, paradigma da sociabilidade. O Val Miñor.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Mércores, 22 Xaneiro 2014 04:07



É sabido que as cidades musulmás carecen de espazo urbano público planificado como tal. Nelas, apenas os grandes patios situados tras a porta principal de acceso á medina e o da mesquita maniféstanse decididamente como baleiros con vocación colectiva, todo o demais, a irregular armazón labiríntica que forman unhas rúas de ancho variable, xeometría imposible e continuidade ou saída imprevisible, é case inmediata consecuencia da suma ou acumulación aleatoria dos intersticios entre edificacións. A cidade islámica é unha resposta urbanística ao Corán e, segundo o Corán, toda casa é un santuario. Logo, pódese dicir que a cidade islámica é pura exaltación da intimidade, do non colectivo, do respecto polo ámbito privado. Constrúese de dentro a fóra, do privado ao público; xustamente, todo o contrario á cidade de tradición helenística ou latina; esta non se entende, nin existe, sen a prevalencia da cousa pública, sen espazo urbano trazado, con ou sen plan. Nela o elemento máis común é a rúa e o máis sofisticado, e onde os cidadáns sempre exerceron como tales, a praza

Este tipo de cidade, xunto coa variante anglosaxona á que Chueca Goitia chamou *doméstica*

é hexemónica en occidente e, loxicamente, o modelo de asentamento urbano que, mesmo con peculiaridades, poboa Galicia.

A ágora, como antecedente da praza, foi unha das grandes achegas da Grecia clásica ao urbanismo . Funcionaba como centro neurálxico da cidade , celebrando nela os cidadáns todo tipo de actividades sociais, de negocios e políticas. Máis tarde

A praza, paradigma da sociabilidade. O Val Miñor.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Mércores, 22 Xaneiro 2014 04:07

,
Roma entendeu tan esenciais estas razóns que elixiu o lugar máis privilexiado

,
dende a óptica morfolóxica

,
para situar o centro cívico, o foro

,
nas súas cidades-campamento: o punto onde se cruzaban perpendicularmente o
cardus

e o

documanus,

as rúas xeradoras do novo asentamento

.

Dende entón a sociedade e consecuentemente as cidades non deixaron de evolucionar pero sempre nas de herdanza clásica ocupou un lugar de privilexio a praza, ese salón urbano baleiro e a ceo aberto, fechado por arquitecturas, no que os cidadáns levaron a termo os máis diversos actos: de mercados a festas pagás, dende actos de Fe e axustizamentos ata encontros políticos, de exaltacións de símbolos e procesións a representacións teatrais. Á praza ningunha manifestación cidadá lle foi allea

.

Tanto é así que en gran parte da Península Ibérica funcionaron, e moitas seica seguen a funcionar, como arena taurina. Foron a un tempo o corazón e a face da poboación e, parcialmente, ségueno a ser

.

Hoxe, a cidade contemporánea é un ente tremendamente complexo rexido por leis, normas, usos e necesidades que difiren das demandadas no seu tempo pola medieval, renacentista, barroca, industrial, ou calquera outra, pero na que a praza mantén o sentido; cando menos, naquelas de vocación xa citada. Agora ben, a praza, que pode obedecer a trazado orgánico ou a traza regular, para que sexa entendida como tal e poida cumprir axeitadamente a función, ha de reunir unha serie de condicións entre as que non han faltar: estar cercada por fachadas, cumprir certa proporción entre a planta e a sección, ter un interior baleiro, ter sentido unitario, ser identificable, albergar algunha actividade, posuír axeitada integración co resto da trama urbana

,
e conter certo carácter simbólico. Cando unha cidade, ou unha vila, ten a sorte de acubillar unha destas pezas, fermosa e chea de carácter, posúe un dos bens urbanísticos máis prezados

,
ha de recoñecerse, polo que en consecuencia habería de loitar por conservala e mantela sen inxerencias.

A praza, paradigma da sociabilidade. O Val Miñor.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Mércores, 22 Xaneiro 2014 04:07

Pois ben, rematada esta introdución, longa ao meu pesar, tratarei de cifrar percepcións propias respecto desta tipoloxía de espazo urbano no Val Miñor, pero antes desexo poñer de relevo un par de cuestións: unha, este é un simple artigo de opinión, nada máis, logo tanto o diagnóstico como o tratamento de problemas soamente están esbozados. E dúas, hei de aceptar, ben me pesa

que o Miñor non é dono de ningunha praza digna de verdadeira consideración ou, o que vén sendo o mesmo, ningunha gran praza. Que lle imos facer? En todo caso

falarei subxectivamente das que posúe. E comezo por Baiona.

A Real Vila garda entre o casarío, fóra do recinto murado de Monte Boi, un pequeno baleiro urbano que dá cabida á praza máis antiga da poboación, pois nin o adro de Santa María nin a explanada da Palma poden ser entendidos como prazas e a que antecede á hoxe casa do concello é moi recente; trátase da, en tempos, coñecida como da froita, hoxe Pedro de Castro. Esta, embutida na trama histórica da vella vila mariñeira e aberta ao mar por un dos lados, cunha tipoloxía espacial que, desprezando a dimensión, lembra á Maior de San Vicente de la Barquera, viu modificada a inicial relación física coa ría por mor do recheo feito cando a execución da estrada a Camposancos, hai xa ben tempo

A praza, cuxo aspecto actual como ámbito de respecto ante a casa do Deán debeu consolidarse no século XVIII e sede habitual do mercado durante o XIX, ten na actualidade o recinto consagrado a unha enganada función devocional como consecuencia dunha aciaga decisión. Unha enorme pedra de simbólica autoridade case arcebispal

cuxa única bondade figuradamente estética é a erosión producida polos axentes atmosféricos, foi retirada do lugar de orixe e, cinguida dun ridículo xardín, chantada no seu centro xeométrico

alá polos anos sesenta da pasada centuria

coma se dunha deidade lítica se tratase, para servir de soporte a unha pequena lenda conmemorativa da arribada á poboación da carabela La Pinta no 1493. Quizais

agora, o mellor que se poida facer pola praza sexa retirar o pedrolo de rústica beleza que arruína este histórico espazo urbano e buscarlle acomodo á lenda en calquera das fachadas que a fechan

ou no propio pavimento. Tornaría íntegra e baleira á actividade cidadá.

Panxón. Esta poboación mariñeira non dispón de ningunha praza urbana no senso rigoroso do termo; asumen subsidiariamente esta función os espazos que configuran o porto, elevado

A praza, paradigma da sociabilidade. O Val Miñor.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Mércores, 22 Xaneiro 2014 04:07

sobre o areal. É unha situación urbana recorrente que lembra a Fisterra, máis trala recente intervención practicada na vila da fin do mundo, e mesmo a Cudillero, en Asturias, hai outras, pero peor resolta que en ambas as dúas a pesar das últimas obras afrontadas. En Cudillero, por caso, o cidadán non é obrigado a convivir nese espazo cos coches estacionados; dalgún xeito é convidado a escoitar, contemplar, ulir ou pasear, aínda ben cando teña que compartir no mesmo recinto, segundo o intre, operacións mercantís, laborais ou de representación; o propio. Outro tema en Panxón, e non só, nunca menor dende logo, é o desacerto en varias pezas da arquitectura que delimita este espazo, pero entrar neste eido suporía alargar desmesuradamente un artigo de por si xa extenso; pode que noutra ocasión

Por último, Gondomar. A praza máis importante e simbólica da Vila Condal é a da Paradela, tamén a máis confusa. Esta, que se coñeceu como da Constitución, do peixe e de Urzaiz, tivo a orixe nun cruzamento de camiños de procedencia medieval que dende aí saían, e inda saen, en catro direccións. É a partir do XVII que se empeza a configurar de xeito orgánico e será a finais do XIX, por causa da apertura da estrada a Guillarei, cando se modifica a rasante do pavimento e se divide en dúas; máis tarde, a principios do XX, amplíase mediante o derrubamento de antigas edificacións que lle servían de perímetro. Hoxe, esta praza, antigo lugar de celebración de feiras e mercados, a consecuencia do tallo que lle propinou a vía citada

,
non consegue verse fechada por arquitecturas nin conserva un sentido de unidade e

,
aínda manténdose como lugar simbólico no que ata non hai moitos anos celebrábanse a case totalidade de actos públicos e festividades da vila, presenta a maior parte da superficie segregada. Unha gran porción do seu espazo, nomeado como Xardíns de Santos Peralba, funciona máis a xeito dun escenario urbano de claras referencias visuais

,
ao cal ninguén se achega por estar illado entre rúas, que como unha auténtica praza. Este xardín

,
creado sobre un plinto artificial construído na década dos corenta do pasado século para evitar a maligna pendente natural do terreo -vese que os seus ideólogos descoñecían, entre moitas, a admirábel praza de Vic

,
o Mercadal, a belísima do Campo, en Siena, ou, sen ir tan lonxe, a Maior de Ourense

-,
ten, cando menos, outra resultante negativa: ademais da propia segregación, produce a dos locais comerciais situados nas plantas baixas dos edificios que a abeiran polos laterais nacente e norte; dobre mágoa.

Existe en Gondomar unha outra praza que todos coñecemos por Alameda, sen selo; ten planta

A praza, paradigma da sociabilidade. O Val Miñor.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Mércores, 22 Xaneiro 2014 04:07

triangular, correspóndese cun cuarteirón non edificado do

Plan de Reforma y Ensanche

de 1900 redactado polo enxeñeiro Ramiro Pascual, e data do inicio da terceira década do XX. Curiosamente, tamén ten perfil inclinado e invariablemente alguén quixo achegala á horizontal mediante a construción doutro plinto o que, atendendo á condición de estar circunvalada por rúas para vehículos a motor, propicia dúas consecuencias fortemente desfavorábeis. Resulta que

,
aínda sendo a praza un espazo peonil, ao estar elevada polo ditoso plinto impón a necesidade de beirarrúa á cota de circulación dos coches para

,
dese xeito

,
protexer o peón; paradoxo. Este espazo duplicado non sería necesario se a cota da praza fose a que debería, isto é, a da beirarrúa; por contra, aumentaría a superficie do seu ámbito de relación e melloraría a súa accesibilidade

.
A segunda está relacionada coas cuestións de control visual que se producen nestes espazos. Máis dunha vez tomei algunha cervexa nas terrazas que no verán a puntúan e sempre me sentín como imaxino haberían de sentirse as leitugas e as cebolas expostas nun supermercado, no suposto de que as cebolas e as leitugas tivesen sentimentos. Unha vez empolicado nun plano elevado dentro dun espazo público é imposible non sentirse nun escaparate.